

Durante o mes de decembro, a localidade de Verín acollerá a realización dos obradoiros 'Atrévete a innovar' e 'Seminarios de Mellora Empresarial para o comercio en activo e as Micropemes'.

- 'Atrévete a innovar', organizado por Proxectos Consultoría e Formación, en colaboración co Concello de Verín. Neste seminario gratuito, que terá lugar o 16 de decembro, a partir das 16 horas na Casa da Cultura, abordarase o reto da innovación dende un enfoque práctico, e se lles presentará ás empresas conceptos e ferramentas útiles que lles permitan afrontar o proceso de cambio cara a unha cultura empresarial aberta á creatividade e á innovación. A convocatoria está dirixida ao personal directivo ou técnico das empresas, así como a outros axentes socioeconómicos do territorio, e consta de dos módulos: innovación como ferramenta de competitividade empresarial e visión práctica da innovación na empresa.

- 'Seminarios de Mellora Empresarial para o comercio en activo e as Micropemes'. Organizado por IGAPE e BIC Galicia, en colaboración con AEVER e o Concello de Verín, está destinado a empresarios, profesionais independentes, autónomos e técnicos responsables que desexen mellorar os seus coñecementos e aptitudes de xestión empresarial. Os seminarios propostos son:

- * Nova lei de horarios comerciais (1,5 horas).
- * Arbiraxe e follas de reclamación (1,5 horas).
- * Rebaixas, vendas especiais, promocións e liquidación (4 horas).
- * Contabilidade e finanzas para non financeiros: Xestión financeira práctica (4 horas).
- * Como mejorar as vendas do meu negocio a través da páxina web (4 horas).
- * As obrigacións do empresario autónomo e do pequeno comercio (8 horas).

Todos eles, gratuítos, constan de 15 a 20 prazas e impartiranse no novo local de AEVER (R/ Pedro González Prada, nº 5). Para máis información e inscrición deben dirixirse á oficina de Desenvolvemento Local, situada na 1ª planta do Concello de Verín.